




Concello da Coruña

| | | |
|---|----------------------------|--|
| Area / Unidade CONTRATACION CT0000 JPU | Documento 43018I02R3 | |
| Código de verificación  4N45 5F4R 161J 4U5X 19M5 | Expediente 521/2024/500 | |
| | Data 26-07-2024 | |

| | |
|---|------------|
| Asunto CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DO 19 DE XULLO DE 2024. APERTURA SOBRE 2 PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN MEDIANTE XUÍZO DE VALOR. DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DA ILUMINACIÓN ORNAMENTAL TEMPORAL DO NADAL E ENTROIDO DO CONCELLO DA CORUÑA | Interesado |
|---|------------|

Dona MÓNICA VALES RODRÍGUEZ, xefa do Departamento do Servizo de Contratación e secretaria da Mesa de Contratación do Concello da Coruña,

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación do 19 de xullo de 2024 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5. APERTURA SOBRE 2 PROPOSTA SUXEITA A AVALIACIÓN MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

5.2. – Licitación 521/2024/500

Deseño, subministración e instalación da iluminación ornamental temporal do Nadal e Entroido do Concello da Coruña

Declarado iniciado o acto, a Secretaria informa das proposicións recibidas e o nome dos licitadores presentados ao devandito procedemento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), resultando ser as empresas licitadoras as que a continuación se relacionan:

Número un e única. – Iluminaciones Ximénez, S.A.U.

Seguidamente notifica aos presentes o resultado da cualificación dos documentos presentados, indicando que o licitador está admitido.

A continuación, o Presidente ordena comezar o acto descifrando os sobres que conteñen os criterios avaliados mediante un xuízo de valor e, seguidamente, realízase a apertura electrónica destes sobres.

Os membros da Mesa solicitan a constancia en acta, para os efectos que correspondan que licitador **declara a confidencialidade** da súa oferta nos termos que se indican a continuación:



DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDAD

D. Miguel Mariano Jiménez Jiménez, con DNI número 79.221.976-V en nombre y representación de la Sociedad ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.U., con N.I.F. A-14.041.362 al objeto de participar en la contratación denominada DISEÑO, SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ALUMBRADO ORNAMENTAL TEMPORAL NAVIDEÑO Y DE CARNAVAL, EXPTE.521/2024/500, convocada por el Concello de A Coruña;

DECLARA:

Que los documentos y datos presentados en el presente SOBRE “2” se consideran de carácter confidencial y son los que a continuación se relacionan:

- **ANTEPROYECTO DECORATIVO DE ILUMINACION EXTERIOR**
- **MEMORIA DE SERVICIO Y ORGANIZACIÓN INTERNA**

Las razones por las que se establece el carácter de confidencial es que representan un valor estratégico para la empresa y puede afectar a su competencia en el mercado.

Á vista da declaración de confidencialidade presentada polo licitador, a Mesa de Contratación entende que o licitador declara confidencial a totalidade da súa oferta, e fan constar que non explica os motivos polos que declara a súa oferta confidencial na súa totalidade, sinalando unicamente que pode afectar a súa competencia no mercado, pero non figurando ningunha motivación ao respecto.

Por tanto, a Mesa acorda, por unanimidade, remitir a oferta na súa totalidade para que se emita o informe sobre as propostas suxeitas a xuízo de valor, e se o técnico informante, pola habilitación técnica que posúe, considera que hai algún aspecto que sexa confidencial farao constar en anexo separado ao informe.

A Mesa de Contratación acorda, así mesmo, publicar o resultado desta apertura no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste procedemento.

De seguido, a Mesa de Contratación, a proposta do Presidente Suplente, acorda unanimemente remitir as ofertas ao Servizo de Contratación co apoio técnico de funcionario habilitado na materia do Servizo de Infraestruturas de ser preciso, a efectos de que se emita o correspondente informe de valoración previo á apertura das proposicións avaliáveis mediante fórmula, nun prazo de 7 días.

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.

A Coruña, na data da sinatura dixital do presente documento.

A secretaria da Mesa

Mónica Vales Rodríguez

VºBº

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada